

005367 30.09.2009 13:34

A Vicerreitoría de Política Internacional da Universidade de Santiago de Compostela (USC) convoca bolsas de mobilidade para diversas universidades latinoamericanas para o curso académico 2010/2011, dentro do Programa *Erasmus Mundus External Cooperation Window*.

## **PRIMEIRA: BOLSAS, FINALIDADE E CONDICIÓN**

1.1. A finalidade das bolsas é dar aos beneficiarios a posibilidade de realizaren nas diversas universidades latinoamericanas participantes nos consorcios EMUNDUS15, EMUNDUS17 e EMUNDUS18 estadias académicas que serán recoñecidas pola USC, se conseguen naquelas o nivel esixido. En todo caso, será de aplicación o Regulamento de Intercambios da USC.

1.2. As universidades estranxeiras de destino outorgarán matrícula gratuíta aos estudantes seleccionados pola USC. Non deberán pagarse taxas académicas (en concepto de matrícula, inscrición, exames, uso de laboratorios, bibliotecas, etc.) na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Isto non obstante, a institución pode pedir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, a afiliación a sindicatos de estudantes e o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio, etc., nas mesmas condicións que os estudantes da devandita institución.

1.3. Os estudantes seleccionados deberán aboar á Universidade de Santiago de Compostela os prezos públicos establecidos para os estudos universitarios que fagan no curso 2010/2011.

1.4. Os estudantes seleccionados que posúan bolsas ou préstamos de carácter nacional, seguirán percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos no estranxeiro. (Agás que a convocatoria da bolsa da que se trate estableza a incompatibilidade).

1.5. O período de estudos no estranxeiro deberá formar parte integral do programa de estudos/investigación do centro de orixe.

1.6. Deberá outorgarse pleno recoñecemento académico ao período de estudos no estranxeiro. O devandito recoñecemento só se denegará se os beneficiarios non acadan o nivel esixido na institución de acollida ou non cumpren, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento.

1.7. As universidades asociadas e cada beneficiario deberán concertar o programa de estudos/investigación/docencia antes de que o beneficiario saia ao estranxeiro.

1.8. A concesión dunha bolsa de mobilidade EMUNDUS implica a concesión da axuda económica asociada a estas bolsas, sen prexuízo de que esta poida ser reducida ou cancelada por incumprimento das obrigas establecidas no acordo de mobilidade asinado polos beneficiarios e a USC.

1.9. Todas as mobilidades deberán iniciarse no período comprendido entre o 1 de abril de 2010 e o 1 de setembro de 2010, sen ningunha excepción.

## **SEGUNDA. DURACIÓN DAS ESTADÍAS**

2.1. A duración das estadias varía en función do nivel académico do candidato. A seguinte táboa recolle a duración das estadias en relación ao distintos niveis académicos elixibles:

Nivel académico	Duración da estadía en meses
Grao	- 6 para EMUNDUS17 e EMUNDUS18 - 10 para EMUNDUS15
Doutoramento	6
Post-doutoramento (só EMUNDUS15)	6
Persoal académico	1

2.2. Salvo por causas de forza maior, os beneficiarios non poderán ampliar nin reducir a súa estadía na universidade de acollida.

### TERCEIRA: AXUDAS ECONÓMICAS A BOLSEIROS EMUNDUS

3.1. A axuda concedida pola Unión Europea cubre os gastos de viaxe e visado, o seguro médico obrigatorio e os gastos de manutención consonte á seguinte táboa:

Nivel académico	Axuda mensual para gastos de manutención
Grao	1.000 €
Doutoramento	1.500 €
Post-doutoramento (só EMUNDUS15)	1.800 €
Persoal académico	2.500 €

3.2. A axuda á manutención será aboada mensualmente na conta que o beneficiario proporcione á USC a tal efecto. A viaxe e o seguro médico serán contratados directamente pola USC.

3.3. Xunto coa aceptación da bolsa EMUNDUS, o candidato seleccionado asinará un acordo de mobilidade que contén as obrigas mínimas do beneficiario. O incumprimento destas obrigas pode dar lugar a cancelación e/ou devolución da axuda económica concedida.

### CUARTA: REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

4.1. Poderán participar na convocatoria os alumnos matriculados na Universidade de Santiago no curso 2009/2010, co obxecto de realizar un programa de estudos de ensino superior que conclúa coa obtención dunha titulación superior recoñecida, ata o grao de doutoramento, inclusive. Así mesmo, poderá participar no proceso de selección o persoal docente e investigador da USC.

4.2. Os aspirantes ás bolsas EMUNDUS deberán posuír a nacionalidade dalgún dos países europeos elixibles (países membro da Unión Europea, Islandia, Liechtenstein, Noruega e Turquía).

4.3. Os estudantes deberán estar matriculados como mínimo no segundo ano do programa de estudos e ter superados o 15% dos créditos correspondentes á súa titulación. En todo caso, os alumnos que acceden a unha titulación de postgrao oficial, segundo ciclo ou a estudos de segundo ciclo que non sexan continuación dun primeiro ciclo, o requisito de teren superado o 15% dos créditos da titulación entenderase que o teñen acreditado por estaren en posesión dunha titulación universitaria ou por teren superado un primeiro ciclo.

4.4. Para acceder a unha mobilidade de doutoramento os candidatos deberán posuír o título de grao ou licenciatura e estar inscritos nun programa de doutoramento da USC. Para acceder a estudos de post-doutoramento os candidatos deberán estar en posesión do título de doutor.

4.6. Os requisitos xerais para participar na convocatoria deben posuírse no momento de presentar a candidatura.

## QUINTA: SOLICITUDES

5.1. Cada candidato poderá presentar unha solicitude por programa (EMUNDUS15, EMUNDUS17 e EMUNDUS18), é dicir, un máximo de tres solicitudes. En cada unha desas solicitudes o candidato poderá indicar até un máximo de tres universidades de acollida por orde de preferencia.

5.2. Só se aceptará a solicitude en liña, a través do formulario electrónico que está dispoñible nas páxinas web: <http://www.usc.es/emundus/lot15/index.php?op=4> (EMUNDUS15), <http://www.usc.es/emundus/lot17/index.php?op=4> (EMUNDUS17) e <http://www.usc.es/emundus/lot18/index.php?op=4> (EMUNDUS18).

5.3. O prazo para a presentación de solicitudes abrangue desde o 01 de outubro de 2009 até o 16 de novembro de 2009, ambos incluídos.

5.4. Para valorar a súa candidatura, no momento de realizar a solicitude, os aspirantes deberán anexar no formulario en liña una serie de documentos de apoio obrigatorios. A documentación complementaria que deben achegar os candidatos varía en función do nivel académico do candidato. A seguinte táboa recolle os documentos obrigatorios en relación co nivel académico do aspirante:

Nivel académico	Documentación a presentar xunto coa solicitude
Grao	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fotocopia do pasaporte</li> <li>- Fotocopia da declaración da renda 2008</li> <li>- Curriculum Vitae</li> <li>- Certificado(s) de idioma do país de acollida</li> <li>- 2 Cartas de recomendación</li> <li>- Carta de motivación</li> <li>- Certificación académica</li> </ul>
Doutoramento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fotocopia do pasaporte</li> <li>- Fotocopia da declaración da renda 2008</li> <li>- Curriculum Vitae</li> <li>- Certificado(s) de idioma do país de acollida</li> <li>- 2 Cartas de recomendación</li> <li>- Carta de motivación</li> <li>- Fotocopia do título de grao/licenciatura</li> <li>- Certificación académica correspondente á etapa de grao/licenciatura</li> <li>- No seu caso, fotocopia do título de master</li> <li>- No seu caso, certificación académica correspondente a etapa de master</li> </ul>
Post-doutoramento (só EMUNDUS15)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fotocopia do pasaporte</li> <li>- Fotocopia da declaración da renda 2008</li> <li>- Curriculum Vitae</li> <li>- Certificado(s) de idioma do país de acollida</li> <li>- 2 Cartas de recomendación</li> <li>- Carta de motivación</li> <li>- Fotocopia do título de doutor</li> <li>- Resume de tese</li> <li>- Proposta de investigación</li> </ul>

Persoal académico	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fotocopia do pasaporte</li> <li>- Curriculum Vitae</li> <li>- Certificado(s) de idioma do país de acollida</li> <li>- 2 Cartas de recomendación</li> <li>- Carta de motivación</li> <li>- Proposta de docencia</li> </ul>
-------------------	--

## SEXTA: VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS

Os criterios de valoración a ter en conta para a selección son os seguintes:

- **Expediente académico e Curriculum Vitae (40%).** Valoraranse o expediente académico e a idoneidade do candidato en base ao seu Curriculum Vitae.
- **Áreas de estudo prioritarias (10%).** A seguinte táboa recolle as áreas de estudo prioritarias para os tres programas de mobilidade:

Programa	Áreas de estudo prioritarias
EMUNDUS15	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Educación, Formación de Profesorado.</li> <li>• Enxeñaría, Tecnoloxía</li> <li>• Ciencias Sociais</li> </ul>
EMUNDUS17	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias Agronómicas</li> <li>• Educación, Formación de Profesorado</li> <li>• Enxeñaría, Tecnoloxía</li> <li>• Ciencias Médicas</li> <li>• Ciencias Naturais</li> <li>• Ciencias Sociais</li> </ul>
EMUNDUS18	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias Agronómicas</li> <li>• Enxeñaría, Tecnoloxía</li> <li>• Xeografía, Xeoloxía</li> <li>• Matemáticas e Informática</li> <li>• Ciencias Médicas</li> <li>• Ciencias Naturais</li> <li>• Ciencias Sociais</li> </ul>

A pesar de seren estas as áreas de estudo prioritarias, tamén poderán participar no proceso de selección candidatos de calquera outra área de estudos.

- **Coñecemento do idioma do país de acollida (10%).** Para xustificar este coñecemento o candidato deberá aportar as certificacións do idioma de acollida que posúa no momento da solicitude.
- **Situación socioeconómica desfavorable (20%).** Xustificada coa declaración da renda correspondente ao ano 2008.
- **Mecanismo de corrección orientado a garantir o equilibrio xeográfico e de xénero entre as universidades participantes (20%).**

## SÉTIMA: CRONOGRAMA DA SELECCIÓN

O proceso de selección axustarase ao seguinte cronograma:

Publicación da convocatoria	1 de outubro 2009
Data límite para a presentación de solicitudes	16 de novembro 2009
Selección dos beneficiarios	Xaneiro 2010

Publicación da lista de beneficiarios e de agarda e comunicación á AECEA	Febreiro 2010
Inicio das mobilidades	A partir do 1 de abril
Data límite para o inicio das mobilidades	1 de setembro 2010

## OITAVA: INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

8.1. A USC dispón de tres páxinas web con información sobre os tres programas accesibles nas seguintes URL: [www.usc.es/emundus15](http://www.usc.es/emundus15) (EMUNDUS15), [www.usc.es/emundus17](http://www.usc.es/emundus17) (EMUNDUS17) e [www.usc.es/emundus18](http://www.usc.es/emundus18) (EMUNDUS18).

8.2. As universidades latinoamericanas integrantes dos consorcios nas que os beneficiarios realizarán a súa mobilidade pódense consultar na páxina web dos programas.

8.2. Para calquera dúbida á que non se poida atopar resposta nas webs, existen tres enderezos de correo electrónico aos que enviar as dúbidas. Estes son [emundus15@usc.es](mailto:emundus15@usc.es), [emundus17@usc.es](mailto:emundus17@usc.es) e [emundus18@usc.es](mailto:emundus18@usc.es) para EMUNDUS15, EMUNDUS17 e EMUNDUS18 respectivamente.

8.3. Tamén hai información complementaria sobre o programa europeo Erasmus Mundus External Cooperation Window na páxina web da Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural: <http://eacea.ec.europa.eu/extcoop/call/index.htm>

## NOVENA

A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela e Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que ditou a resolución. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro.



Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009  
O vicerreitor de Política Internacional  
Por delegación do reitor  
(RR do 31/07/2007, DOG 19/09/2007)  
Agustín Merino García